

BOLETÍN DE ACTIVIDADES UNIDADE 2: A REPRODUCCIÓN CELULAR.

1. Explica brevemente cada un dos tipos de reprodución asexual que coñeces.
2. Se a reprodución asexual é máis sinxela, só precisa de un individuo para levarse a cabo e ademais produce un crecemento rápido da poboación... por que se di que a reprodución sexual é mellor para a supervivencia dunha especie? (recordade o exemplo das xirafas).
3. Esquema do ciclo celular (presentado a través da Aula Virtual)
4. Selecciona a fase do ciclo celular á que se refire cada texto:
 - a. A célula aumenta de tamaño e sintetiza proteínas e outros compoñentes celulares. A célula ten mecanismos para comprobar se as condicións, tanto internas como externas, son as adecuadas para avanzar á seguinte fase.
 - i. Fase M
 - ii. Fase G1
 - iii. Fase G2
 - iv. Fase S
 - b. O material hereditario (ADN) duplícase para que, ao finalizar o ciclo celular, as dúas células fillas conteñan a mesma información que a célula da que proceden.
 - i. Fase M
 - ii. Fase G1
 - iii. Fase G2
 - iv. Fase S
 - c. Segue o crecemento e o control celular necesarios para que ocorra a seguinte división. Finaliza a síntese de compoñentes celulares, para asegurar un reparto equitativo nas divisións posteriores.
 - i. Fase M
 - ii. Fase G1
 - iii. Fase G2
 - iv. Fase S

d. Nela prodúcese a división celular: a mitose ou división do núcleo e a citocinese ou división do citoplasma.

i. Fase M

ii. Fase G1ntes

iii. Fase G2

iv. Fase S

5. Que é o nucléolo? E a lámina nuclear? En que fase do ciclo celular se poden atopar?

6. Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas, no caso de que sexan falsas corríxeas.

a. As células somáticas son as que non interveñen na reprodución.

b. A cantidade de cromosomas que achega cada parental mediante as células sexuais é o número diploide.

c. As células xerminais conteñen un só xogo de cromosomas.

d. Os cromosomas homólogos son moléculas de ADN idénticas que conteñen a información hereditaria para os mesmos trazos morfolóxicos dun organismo.

7. Cal é a función dun cromosoma? Debuxa un cromosoma mitótico e nomea e describe cada unha das súas partes (centrómero, cromátidas, brazos, telómeros)

8. Segundo a clasificación dos cromosomas segundo a posición do seu centrómero, distínguense 4 tipos. Debúxaos e nomeaos.

9. Indica cales on os cromosomas sexuais das seguintes especies:

ESPECIE	FEMIA	MACHO
Humano		
Galiña		
Saltón		

10. Que é un cariotipo? En que te fixarías para identificar os cromosomas homólogos?

11. Realiza un esquema sobre a mitose no que debuxes todas as fases e indique que ocorre en cada unha delas (presentado pola Aula Virtual).

12. Na mitose e na maiose pártese dunha célula nai diploide ($2n$), pero como son as células fillas en cada proceso? Cantas células fillas se producen na mitose? E na meiose?